

Claves para Entender e Cumprir a Nova Normativa Europea de IA

Descrición

A crecente converxencia entre a protección de datos e a intelixencia artificial expón novos retos regulatorios e de cumprimento para as organizacións. Este seminario ofrece unha visión práctica e integrada do RGPD e do Regulamento de IA, analizando como se complementan ambas as normativas, os distintos roles e responsabilidades que establecen, e os mecanismos de avaliación e xestión de riscos asociados.

A través dun enfoque aplicado, as persoas participantes coñecerán os principais desafíos de privacidade que xorden durante o ciclo de vida dos sistemas de IA e adquirirán criterios para implementar medidas de cumprimento eficaces, garantindo un uso seguro.

Perfil do docente

O relator da xornada será **Gary Robertson**, Graduado en Dereito e un Máster en Avogacía pola Universidade da Coruña, ademais dun Máster en Dereito de Telecomunicacións e TI pola Universidade Carlos III de Madrid. Posúe o Certificado de Delegado de Protección de Datos (CDPD) por ISMS Forum e a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD). Conta con máis de 5 anos como experto en Protección de datos, Compliance e Ciber dereito. Actualmente foi nomeado Socio de Ecix.

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRICIÓN	01/02/2027 - 03/03/2027
Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Virtual
DURACIÓN	2 horas

Claves para Entender e Cumprir a Nova Normativa Europea de IA

DATA INICIO	04/03/2027
DATA FIN	04/03/2027
HORARIO	Horario de 16:00 a 18:00 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	04/03/2027 - 04/03/2027

Temario

1. Obxecto, estrutura e ámbito de aplicación de RGPD e Regulamento de IA.
2. Diferenza e acumulación de roles entre ambas as normas:
responsable/encargado/corresponsable do tratamento vs roles en materia de IA.
3. Análise de riscos en protección de datos vs IA: avaliación obxectiva, EIPD, FRIAS.
4. Tratamento de datos ao longo do ciclo de vida dun sistema de IA, principais retos para cumprir RGPD e principais riscos de privacidade no contexto da IA.